

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.

(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente).

VOCALIS

D. P. Luis M^a Muíños Vidueira.

(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta).

D. Teodoro Arribas Serrano

(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais).

VOCALIS REPRESENTANTES DO LUGAR DE SILVOSO DA PARROQUIA DE INSUA DO CONCELLO DE PONTECALDELAS.

D. Candido Santoro Lorenzo.

D. Manuel Barreiro Barros.

Dña. Candida Piñeiro Peso.

SECRETARIA

D^a. M^a José León Gómez.

(Xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente).

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinte de xuño do 2001, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Silvoso" do lugar de Silvoso da parroquia de Insua do concello de Pontecaldelas.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por D. Cándido Santoro Lorenzo, na cualidade de Presidente da Comunidade veciñal do lugar de Silvoso da parroquia de Insua do concello de Pontecaldelas, solicitouse en data 26/06/97, a iniciación dos trámites para a clasificación como veciñal en man común do monte Silvoso sito no lugar de Silvoso da parroquia de Insua do concello de Pontecaldelas.

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 24/02/99 acordou iniciar os trámites para a clasificación do referido monte,

así como a remisión do expediente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais da Delegación Provincial de Medio Ambiente para o seu estudio e informe, nomeándose Instructor do expediente a D. Serafín Quinteiro Blanco.

TERCEIRO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, procedéuse á apertura do trámite de audiencia, non formulándose oposición á clasificación solicitada.

CUARTO.- Por acordo do Xurado na reunión celebrada en data 29/11/00, e como consecuencia do cese a petición propia do Instructor nomeado, noméase Instructor do expediente a D. José Luis Díez Yáñez.

QUINTO.- Polo que afecta á parcela da que se solicita a súa clasificación, atópase situada entre Silvoso e o río Verdugo, na que vexetan especies arbustivas do xénero Ulex (toxó), con algunha rexeneración de frondosas autóctonas nas partes lindantes co río Verdugo e obedece á seguinte descripción:



NOME DO MONTE: Silvoso

EXTENSIÓN: 21,32 Has.

FINDES:

NORTE: Fincas particulares.

SUR: Fincas particulares e monte comunal.

LESTE: Camiño veciñal e casas de Silvoso.

OESTE: Río Verdugo.

DESCRIPCIÓN DO PERÍMETRO: Comenzando pola esquina NE do monte, partimos da intersección do camiño veciñal de Santa María de Insua a Silvoso, cos muros que delimitan coas fincas particulares. Dirixíndonos cara ó Oeste, baixamos en dirección ó río Verdugo polo límite das fincas particulares, sendo éstas dos seguintes propietarios: D. José Vidal Peso, Dña. Deolinda Piñeiro Amoedo, Dña. Isaura Peso Garrido, Dña. Almeninda Piñeiro Amoedo e D. Luciano Amoedo, en donde o lindeiro toma dirección Sur seguindo o curso do río Verdugo ata unha presa en donde empeza a subir en dirección Este lindando con monte comunal e posteriormente coas propiedades de D. Serafín Santoro Arpera, D. José Garrido Vilariño, D. Francisco Santoro, Dña Isaura Peso Garrido e D. José Santoro Arpera en donde o linde toma dirección Norte por unha vereda e as casas de Silvoso ata chegar ó camiño veciñal de Santa María de Insua a Silvoso polo que continúa ata pechar o perímetro no punto de inicio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2.- Trátase dunha parcela ben delimitada que inclúe dentro do seu perímetro un campo de fútbol, un parque infantil e un depósito de auga. No resto do monte vexetan especies arbustivas do xénero ulex (toxo) con algunha rexeneración de frondosas autóctonas nas partes lindantes co río Verdugo. Segundo informes obrantes no expediente o monte atópase practicamente raso e é aproveitado polo común dos vecinos. Do mesmo queda constancia no expediente segundo o manifestado polo Sr. Alcalde de Pontecaldelas. A parcela atópase perfectamente delimitada por camiños, muros e río Verdugo, considerándose abundosa a planimetría achegada para identificar o monte sobre o terreo.

3.- O aproveitamento e disfrute do monte corresponde dende tempo inmemorial ós vecinos do lugar de Silvoso, sen asignación de cuotas.



4.- De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, así como no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, cómpre entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".


Así, según abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento veciñal de feito de dito monte por parte dos veciños. No presente caso, tanto dos informes realizados polo técnico competente como polo manifestado polo Sr. Alcalde de Pontecaldelas, dedúcese que efectivamente o monte en cuestión cumpre suficientemente o recollido no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, proponiéndose a súa clasificación con tal carácter.

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, próponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

Clasificar como veciñal en man común a favor dos veciños do lugar de Silvoso da parroquia de Insua do concello de Pontecaldelas o monte "Silvoso" por terse demostrado, no curso do expediente, o aproveitamento veciñal de feito en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos veciños do lugar e reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, correspondéndose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa descripción do perímetro, cabida e lindes sinalada no antecedente de feito quinto.

Contra a presente Resolución que poñe fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 e 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





CLASIFICACION DO MONTE NOMEADO "SILVOSO-II",
COMO MONTE VECINAL EN MAN COMUN DOS
VECINOS DO LUGAR DE SILVOSO, PARROQUIA DE
INSUA, CONCELLO DE PONTE - CALDELAS.
(PONTEVEDRA).

PLANO Nº 2
PLANTA XERAL
ESCALA 1 : 5.000
PONTEVEDRA, 20 DE XUNO DO 2.001

Gaudin

Pinino

ABD

MONTE SILVOSO-II
CABIDA APROX. = 21,32 Has.

537000

537500

A Sotomaior

538000

538500